

Venres, 7 de setembro de 2018

Núm. 173

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Persoal, oposicións

APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE BUEU

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE CREACIÓN DE BOLSA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE BUEU

Por Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada con data 29 de agosto de 2018 aprobáronse as bases que regulan o proceso selectivo de creación dunha bolsa para a contratación laboral temporal dun/ha traballador/a social.

As bases do proceso selectivo poderán consultarse no taboleiro de anuncios do Concello, no Taboleiro Electrónico e na páxina web do Concello (<https://concellodebueu.gal>).

O prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo é de 05 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Documento asinado electronicamente á marxe.

